

## SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 19 DE MAIO DE 2022

### COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

#### Rogo do PP presentado por escrito

**Único.** Ante o compromiso adquirido o mes pasado polo Goberno local respecto da entrega efectiva aos concelleiros da Corporación das medallas encargadas na anterior lexislatura, o certo e verdade é que os concelleiros aínda non recibiron as referidas medallas, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular interesamos ao señor alcalde a entrega das medallas da Corporación de Cambre á maior brevidade posible.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo. Di que a empresa comprometeuse a entregalas.

#### Preguntas do PP presentadas por escrito

**1ª a 5ª.** A prensa faise eco estes últimos días da reunión no noso concello dos alcalde dos municipios da área metropolitana, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao señor alcalde de Cambre:

- Quen foi o convocante da dita reunión?
- Cal era a orde do día?
- Quen asistiu á dita reunión en representación de cada concello?
- Cales foron os asuntos tratados?
- Resultado dos acordos, no seu caso, acadados.

O señor alcalde contesta que o convocante foi o alcalde de Cambre; a orde do día, a entrega da documentación sobre a Vía Ártabra e o debate sobre a dita infraestrutura; asistiron os alcaldes de Betanzos, Bergondo e Culleredo, o concelleiro de Urbanismo da Coruña, o concelleiro de Urbanismo de Cambre e el mesmo; os asuntos tratados foron a Vía Ártabra, se está en vigor o plan de 2004....; os acordos adoptados foron solicitar á Coruña que lidere o proceso, tanto no que se refire a infraestruturas como a mobilidade, solicitar á Deputación facer un estudo das necesidades dos concellos da área, e buscar solucións ás novas demandas que xera a área.

**Pregunta oral presentada por C's**

Dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, pregunta, de ser certo que un concelleiro enviou un whatsapp a un responsable de Sergesco dicindo que non se podía realizar a obra de reparación da avaría de auga existente na Tapia, se tiña coñecemento da dita mensaxe o alcalde. Se se enviou co seu consentimento.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,  
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

**Rogos do PP presentado por escrito**

**4º** Son numerosas as queixas recibidas polos veciños de Cambre sobre o estado descoidado e sucio dos alcorques existentes no Campo da Feira de Cambre, a ambos lados da estrada.

Tal e como se observa nas fotografías que se achegan, a vexetación e sucidade acumúlase neles, cos evidentes problemas de salubridade e imaxe de abandono e sucidade que recomendan a súa limpeza e roza inmediata.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se interese a limpeza e roza inmediata dos alcorques do Campo da Feira de Cambre.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá explica que o mantemento o leva Orto, e o que xa lles contestaron é que o van facer inmediatamente, pero que en dúas semanas volverá a repetirse a situación.

**5º** Son moitas as imaxes que nos alertan da situación de abandono na que se atopa o centro de Cambre. Entre elas a recollida nas fotografías que se achegan, onde unha vez máis a sucidade e maleza se acumulan na esquina existente nos muros do Cruceiro, Cambre, á altura do número 1.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que se adopten inmediatamente as medidas necesarias para resolver o problema advertido.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo. Di que o problema é o uso dos herbicidas. Vaise facer xa. A empresa responsable é Enso.

**6º** Son reiteradas as queixas recibidas polos veciños e usuarios do parque existente tras a igrexa de Cambre, polo estado de abandono que, a día de hoxe, se advirte nel. Xunto á sucidade que se acumula é evidente a falta de coidado do céspede que nalgúns lugares crece sen cortar dende hai tempo, mentres noutras zonas non existe, desapareceu, tal e como se observa nas fotografías que se achegan.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese que se leve a cabo o adecuado mantemento e limpeza do parque existente tras a igrexa de Cambre.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que os técnicos de Orto fixeron un recoñecemento e asumen a existencia de calvas nas zonas por onde pasa a xente. Van volver sementar, acoutar e intentar que quede como debería estar.

Don Juan María Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que hai calvas tamén en zonas que non son de paso.

#### **Rogos orais presentados por AV**

Dona Sandra Sánchez Vieites, concelleira de AV, formula dous rogos orais. Un, que a veciñanza da rúa Graduil se queixa de problemas coa luz, e dous, da existencia de pozos ao que van os rapaces a xogar.

O señor alcalde di que se vai falar con Instelec para solucionalo.

#### **Rogo oral presentado por EU Son en Común**

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, informa de que hai un tronco caído na Arrigada.

O señor alcalde contesta que se vai mandar a Protección Civil para que o solucione.

#### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

1ª Tras a denuncia dos veciños de Fraís da existencia de vertidos nas augas que discorren polo dito lugar, o compromiso da concelleira de Medio Ambiente no mes de marzo e a promesa do alcalde de Cambre o mes de abril de “estar niso”, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira de Medio Ambiente:

Que fixo para coñecer a procedencia, prevención e erradicación dos ditos vertidos?

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que se realizaron inspeccións na zona e non se apreciaron olores, pero apréciase lodo e vaise realizar unha analítica.

Don Juan María Abalo Castex, concelleiro do PP, solicita que lles faciliten os resultados da analítica.

2ª Nos últimos días, o alcalde de Cambre, novamente con gran despregue mediático, avogou pola creación dun Consorcio de Transportes para mellorar a mobilidade en toda a comarca, razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular pregúntaselle:

Cal sería a estrutura dese consorcio e a participación de cada concello nel?

O señor alcalde contesta que a proposta vén das reunións da área metropolitana. Pediron estar nas reunións, e que A Coruña lidere o proceso. Primeiro hai que facer un estudo das necesidades da área e logo faranse propostas, contando coa Xunta.

**3ª e 4ª** Como se financiará o consorcio?

Á hora en firme de propoñer en firme a creación dese Consorcio de Transportes, cal sería o impacto que o custo da creación dese consorcio vai supoñer nas tarifas do transporte metropolitano?

O señor alcalde contesta que queren un transporte mellor, máis eficaz, máis económico. Pero para iso hai que sentarse a falar das necesidades de todos os concellos e estar todos. Di que é imposible solucionar os problemas de tráfico sen contar con todos.

**5ª e 6ª** Tras a talla o pasado mes de marzo dun dos plátanos que enmarcan a Estrada da Estación de Cambre, lugar que, xunto co Campo da Feira municipal, comprende un dos lugares do noso municipio que concentra maior número de exemplares desta especie arbórea, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente en materia de Medio Ambiente:

- Cantos exemplares desas árbores desapareceron ou foron tallados nas dúas últimas lexislaturas na Estrada da Estación e no Campo da Feira de Cambre?
- Cantas desas árbores perdidas foron repostas nas dúas últimas lexislaturas por outras da mesma especie neses dous espazos públicos?

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que as árbores son competencia da Deputación. Solicitouse información e no Campo da Feira retirouse un exemplar e repúxose outro que foi golpeado por un camión.

<b>Preguntas orais presentadas por EU</b>	<b>Son en Común</b>
---	---------------------

Dona María Olga Santos López pregunta se se eximiu da reserva de vivenda de protección oficial á promoción que se está levando a cabo na Tapia debido ao parentesco co alcalde?

En canto á avaría da tubaxe no Temple, pregunta que capacidade de actuación ten o concello en relación coa existencia dunha mensaxe de whatsapp a Sergesco?

<b>COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL</b>
---

**Rogos do PP presentado por escrito**

**1º a 3º** Veciños e usuarios do parque infantil da Pitona preséntannos as súas queixas sobre o estado no que se atopa a fonte do lugar, un belo recuncho do noso municipio que merece outro tratamento, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese:

- Que se eliminen as pintadas existentes no frontal e nas proximidades da mencionada fonte.
- Roza e limpeza do lugar.
- Eliminación das humidades existentes na fonte e proximidades.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, acepta o rogo no sentido de que se fará cando estea aprobado o prego para o mantemento das zonas verdes.

Dona María Jesús González Roel, concelleira do PP, pregunta cando se vai aprobar o prego.

Don Ramón Boga Moscoso contesta que está en proceso de contratación.

**4º** Son varias as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular ha requirido a necesidade de rozar á maior brevidades posible os lugares e camiños públicos do noso municipio. Esta vez, con maior motivo, interésase a roza do campo de fútbol da Balastreira que, como se observa nas fotografías que se achegan, require unha intervención urxente para o seu uso adecuado.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicite que se roce o campo de fútbol da Balastreira á maior brevidade posible.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo.

#### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

O señor presidente informa que as pregunta 1 a 4 son competencia da Comisión de Sanidade, mentres que a 5 corresponde á primeira comisión, á de Presidencia.

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que non están de acordo, e entenden que non se lles quere contestar.

Don Daniel Mallo Castro di que é o criterio que se ten seguido sempre.

Dona María Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que agradecerían que se lles contestara nesta comisión.

O señor presidente remítelles á comisión oportuna.

Dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, e integrante do Grupo Mixto, expón que os concelleiros non están obrigados a dirixir as súas preguntas a unha ou outra comisión.

Dona Marta María Vázquez Golpe di que é aventurado facer unha pregunta nunha comisión antes de saber a resposta. O Goberno municipal debe ter en conta que os grupos da oposición non teñen un asesoramento técnico e esta é unha cuestión a revisar con carácter previo por parte do equipo de goberno.



O señor presidente indica que o criterio non se ten alterado ao longo da lexislatura, pero tómase nota e estudarase.

Dona María José García Hidalgo di que ela entende que é un asunto de reparto interno do traballo do equipo de goberno, xa que a oposición non é coñecedora de cal é ese reparto.

#### **Pregunta oral presentada por C's**

Dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, pregunta se na foliada do campo da festa de Cecebre, aprobada pola Xunta de Goberno Local, vai haber un chiringuito ou non.

Dona Mónica Germade Presedo, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, dille que se contestará por escrito.